

4.1. Texturas das rochas magmáticas

A **textura** é unha propiedade que serve para describir o tamaño e a forma dos grans minerais que constitúen unha rocha. Estas características dependen da velocidade a que arrefriou o magma; a maior lentitude, maior tamaño dos cristais. Se se refire ademais a outras características, como a presenza de burbullas ou a porosidade, a orientación preferente dos minerais, etc., úsase tamén o termo **estrutur**a. As rochas magmáticas poden presentar texturas moi diferentes:

Criterio de clasificación	Textura	Descrición	Exemplos
Grao de cristallización	Fanerítica ou holocristalina	A rocha é un mosaico de minerais ben cristallizados, claramente visíbles.	Granito
	Microcristalina	A rocha está formada por cristais moi pequenos pero apreciables a simple vista.	Aplito
	Criptocristalina	Os cristais son diminutos, visíbles só co microscopio.	Andesita
	Vítrea	Non hai cristais; a rocha é unha masa homoxénea.	Obsidiana
Relación de tamaños	Isométrica ou homométrica	Todos os cristais son dun tamaño similar.	Granito Sienita
	Anisométrica ou heterométrica	Diferéncianse cristais de maior tamaño dispersos nunha matriz de gran moi fino.	Pegmatita Microgranito
	Porfídica	Aprécianse cristais grandes. Ás veces de tamaño centimétrico, nunha matriz criptocristalina ou vítrea.	Pórfiro
Outros	Vacuolar	A rocha presenta ocos, correspondentes a burbullas formadas durante a desgasificación. É característica dalgunhas rochas volcánicas.	Basalto vacuolar Pedra pómez
	Fludal ou traquítica	A rocha presenta grans minerais orientados en direccións preferentes. Fórmase polo fluxo da lava ao derramarse durante unha erupción volcánica, ou ben, nas rochas plutónicas, pola sedimentación dos minerais no interior da cámara magmática.	Traquíta